

COMPATIBILIDADE DA PENSIÓN
CONTRIBUTIVA DE XUBILACIÓN E
A ACTIVIDADE ARTÍSTICA E DE CREACIÓN

CONTRATACIÓN LABORAL E MELLORA
DA PROTECCIÓN SOCIAL

INFORME XURÍDICO SOBRE A REPERCUSIÓN PARA AS
ESCRITORAS E ESCRITORES DA APROBACIÓN DO REAL
DECRETO LEI 1/2023

INFORME ELABORADO POR ANIA GONZÁLEZ CASTIÑEIRA

Informe solicitado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) sobre a repercusión para as escritoras e escritores galegos, desde o punto de vista do exercicio da súa actividade profesional, da aprobación do Real Decreto Lei 1/2023 de 10 de xaneiro de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas.

Introdución

Tras a recente aprobación do Real Decreto-Lei 1/2023, de 10 de xaneiro, de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas, déixase sen efecto por derogación o Real Decreto 302/2019 de 26 de abril, polo que se regulaba a compatibilidade da pensión contributiva de xubilación e a actividade de creación artística, ditado no desenvolvemento da Disposición Final Segunda do Real Decreto Lei 26/2018 de 28 de decembro, polo que se aprobaban as medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematográfica. Norma cuxos efectos xa se expuxeron por este servizo de asesoramento xurídico á AELG no anterior informe "[Dereitos, obrigas e relacións das escritoras e escritores coa administración pública](#)", elaborado por esta letrada no ano 2020, e que forma parte dos sucesivos informes realizados para o Libro Branco de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

En concreto facíase entón referencia á compatibilidade da percepción de rendementos económicos por dereitos de autor e a percepción de pensión de xubilación recollida no RD 302/2019 do seguinte xeito:

“Por último, unha breve mención á cuestión da recente incorporación normativa da compatibilidade da percepción de rendementos económicos por dereitos de autor e a percepción de pensión de xubilación mediante a aprobación polo Congreso dos Diputados e Diputadas, o pasado 26 de abril de 2019, do RD 302/2019. A partir da súa entrada en vigor a escritora ou escritor beneficiaria dunha pensión de xubilación contributiva que se adique á creación literaria poderá optar pola aplicación do réxime xurídico da modalidade de compatibilidade entre pensión e traballo ou ben pola suspensión do percibo da súa pensión. Para poder optar pola modalidade de compatibilidade deberá tramitar a súa solicitude de alta ou continuidade na Seguridade Social, no réxime que corresponda, así como cumprir cos requisitos e obrigas recollidos no citado Real Decreto. Esta compatibilidade foi ampliada ao réxime das clases pasivas, é dicir, ao réxime das funcionarias e funcionarios do Estado, mediante aprobación da Lei 11/2020 de, 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 na que se recolle a modificación do artigo 33.2 la Lei de Clases Pasivas no sentido de facer compatible os rendementos obtidos no desempeño dunha actividade artística, neste caso a literaria, derivados dos dereitos de propiedade intelectual, incluídos os xerados pola súa transmisión a terceiros, coa percepción do 100% da pensión de xubilación.

Tras esta ampliación da compatibilidade de ambos ingresos tan só quedan excluídas desta vantaxe as autoras e autores xubiladas con dereito a pensión de xubilación non contributiva e as autoras e autores beneficiarias dunha pensión de invalidez.”

Na situación anterior, amparada polo RD 302/2019 antes citado, para poder optar pola modalidade de compatibilidade de ingresos e pensión de xubilación, a persoa interesada tiña que tramitar a súa solicitude de alta ou continuidade na Seguridade Social no réxime correspondente, así como cumprir cunha serie de requisitos e obrigas recollidos na norma. Posteriormente esta compatibilidade foi ampliada ao réxime das clases pasivas, é dicir, ao réxime das funcionarias e funcionarios do Estado, mediante aprobación da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, na que se recollía a modificación do artigo 33.2 la Lei de Clases Pasivas no sentido de facer compatible os rendementos obtidos no desenvolvemento dunha actividade artística, neste caso a literaria, derivados dos dereitos de propiedade intelectual, incluídos os xerados pola súa transmisión a terceiros, coa percepción do 100% da pensión de xubilación.

A mellora sobre a situación anterior é considerable, grazas entre outras cousas a achegas de axentes e persoas expertas do sector. Son obxectivos específicos desta nova norma que regulariza a compatibilidade xeral dos ingresos percibidos no exercicio de actividades económicas de tipo artístico coa percepción do 100% da pensión de xubilación, entre outros, o impulso da contratación e o mantemento de emprego estable das persoas e colectivos considerados vulnerables ou de baixa empregabilidade; a garantía do principio de igualdade e a non discriminación na regulación e aplicación das medidas de fomento de emprego e a contratación ou o fomento do emprego autónomo e da economía social como instrumento eficaz de xeración de traballo estable e de calidade.

Os efectos desta nova norma que entrará en vigor, con carácter xeral, segundo o disposto na Disposición Final 13 do RDL 1/2023, o vindeiro 1 de setembro do 2023, xa que como indica a propia Exposición de Motivos da norma, prevese unha demora na entrada en vigor ata dita data, dado que resulta necesario posibilitar, xunto co coñecemento material da norma, a adopción das medidas de xestión imprescindibles para a súa aplicación, ademais de garantir o principio de seguridade xurídica. Dito isto, hai que ter en conta, porén, respecto ás vantaxes que afectan a escritoras e escritores, en tanto que creadoras de obras literarias, o recollido no apartado c) da Disposición Final 13 antes citadas onde se di:

*“c) Entrarán en vigor o **1 de abril de 2023** os artigos 153 ter, 249 quater, 305.2.m), 310 bis, 363.5 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, modificados ou engadidos na Disposición Final Cuarta.”*

Unha das novidades máis destacable do RD Lei 1/2023 é a inclusión por mandato legal, das medidas aprobadas na Lei Xeral da Seguridade Social, como así se especifica na Disposición Final 4ª da norma. Isto supón un maior rigor normativo e maior seguridade xurídica coa derogación e substitución do RD 302/2019 por unha normativa que en adiante estará incluída na Lei Xeral da Seguridade Social, que vén sendo a norma de máis alto nivel na materia.

Vexamos, pois, cales son as medidas de inmediata eficacia que afectan directamente á actividade artística das escritoras e escritores, e que por primeira vez, co obxecto de dotalas dunha maior efectividade e amplitude de aplicación, introdúcese na lexislación vixente en materia de Seguridade Social:

O artigo 153 ter da Lei Xeral de Seguridade Social, aplicable unicamente ao caso das autoras e autores asalariados ou contratados por conta allea, que pasa a ter a seguinte redacción:

“Cotización das persoas pensionistas de xubilación cando realicen actividades artísticas. Durante a realización dun traballo por conta allea regulado no artigo 249 quater compatible coa pensión de xubilación, os empresarios estarán obrigados a solicitar a alta e cotizar no Réxime Xeral da Seguridade Social unicamente por continxencias profesionais, segundo a normativa reguladora de dito réxime, se ben quedarán suxeitos a unha cotización especial de solidariedade do 9% sobre a base de cotización por continxencias comúns, non computable a efectos de prestacións, que se distribuirá entre empresario e traballador, quedando a cargo do empresario o 7% e do traballador o 2%.”

Agora ben, imos ver a que tipo de traballos se refire o artigo 249 quater, que tamén resulta modificado pola aprobación do RD Lei 1/2023.

O artigo 149 quáter da Lei Xeral da Seguridade Social, que pasa a ter a seguinte redacción:

“Compatibilidade da pensión de xubilación coa actividade artística. O percibo do 100% do importe da pensión de xubilación contributiva será compatible coa actividade artística nos termos do presente artigo:

- a) *Co traballo por conta allea e por conta propia das persoas que desenvolvan unha actividade artística. A estes efectos enténdese por actividade artística, a realizada polas persoas que desenvolven actividades artísticas, sexan dramáticas, de dobraxe, coreográfica, de variedades, musicais, canto, baile, de figuración, de especialistas, de dirección artística, de cinema, de orquesta, de adaptación musical, de escena, de realización, de coreografía, de obra audiovisual, artista de circo, artista de marionetas, maxia, quionistas, e en todo caso a desenvolvida por calquera persoa cuxa actividade sexa recoñecida como artista, intérprete ou executante no Título I do libro segundo do texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual aprobado polo RDL 1/1996 do 12 de abril, ou como artista, artista intérprete ou executante polos convenios colectivos que sexan de aplicación nas artes escénicas, a actividade audiovisual e a musical, conforme ao artigo 1.2 parágrafo 2º do R. D. 1435/1985 de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de persoas artistas que desenvolven a súa actividade nas artes escénicas, audiovisuais e musicais, así como das persoas que realizan actividades técnicas ou auxiliares necesarias para o desenvolvemento de dita actividade.*

b) *Co traballo por conta allea e a actividade por conta propia desempeñada por autores e autoras de obras literarias, artísticas ou científicas, tal como se definen no Capítulo I do Título II do Libro Primeiro da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado polo RDL 1/1996 de 12 de abril, percíbanse ou non dereitos de propiedade intelectual por dita actividade, incluídos os xerados pola súa transmisión a terceiros e con independencia de que pola mesma actividade se perciban outras remuneracións conexas.”*

É importante destacar que con esta nova redacción súprese unha importante carencia normativa, xa que tal e como se afirmaba na propia Exposición de Motivos do anterior RD 302/2019, con esa norma só se cubría a compatibilidade das actividades que xeraban ingresos en concepto de dereitos de propiedade intelectual, sendo agora compatibles a pensión de xubilación con calquera tipo de actividade artística, pasando a mencionar ademais de forma explícita a actividade consistente na creación de obras literarias.

O artigo 249 quater continúa:

“2. O importe da pensión de xubilación contributiva compatible coa actividade artística inclúe o complemento para pensións inferiores á mínima e o complemento por maternidade ou redución da fenda de xénero.”

3. O beneficiario ou beneficiaria da situación de compatibilidade terá a consideración de pensionista a todos os efectos.

4. Non poderá acollerse a esta modalidade de compatibilidade o beneficiario dunha pensión contributiva de xubilación da Seguridade Social que, ademais de desenvolver a actividade artística, realice calquera outro traballo por conta allea ou por conta propia diferente a indicada actividade que dea lugar á súa inclusión no campo de aplicación do Réxime Xeral ou dalgún dos réximes especiais da Seguridade Social. De igual forma exclúese do ámbito deste artigo calquera modalidade de xubilación anticipada en tanto o seu titular non cumpra a idade ordinaria de xubilación que lle corresponda de acordo co artigo 205.1.a).

Para estes últimos casos excluídos, a norma prevé unha alternativa posible que recolle nos seguintes apartados:

“5. Como alternativa ao réxime de compatibilidade previsto neste artigo, o beneficiario dunha pensión contributiva de xubilación da Seguridade Social no que concorran as circunstancias previstas nos apartados anteriores poderá optar pola aplicación do réxime xurídico previsto para calquera outras modalidades de compatibilidade entre pensión e traballo, establecidas legal ou reglamentariamente, cando reúna os requisitos para iso.

De igual xeito, o pensionista de xubilación en quen concorran as circunstancias previstas neste artigo tamén poderá optar pola suspensión do percibo da súa pensión. En

tal caso, a alta e a cotización á Seguridade Social realizarase conforme ás normas que rexan no réxime da Seguridade Social que corresponda en función da súa actividade. “

E por último:

“6. A prestación de incapacidade temporal causada durante a compatibilidade prevista no presente artigo extinguirase na data na que se cause baixa do réxime correspondente da Seguridade Social.”

O artigo 305 da Lei Xeral de Seguridade Social relativo a obriga de alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores Autónomos (RETA) para aquelas persoas físicas maiores de 18 anos que realicen de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa, unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, dean ou non ocupación a traballadores por conta allea, modifícase mediante a inclusión dun novo apartado m) no seu punto 2, quedando a súa redacción como segue:

“2. Aos efectos desta Lei decláranse expresamente comprendidos neste réxime especial (RETA): m) Quen exerzan por conta propia calquera das actividades artísticas a que se refire o artigo 249 quater 1. (antes citado).”

Por tanto, as persoas pensionistas de xubilación que compatibilizan pensión e actividade artística terán a obriga de darse de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) cando exerzan esa actividade de xeito habitual, persoal e directa nos termos antes citados atendendo á súa interpretación xurisprudencial, á que temos feito referencia no anterior informe xurídico sobre obrigas e dereitos das escritoras e escritores citado ao inicio do presente e que en todo caso excede á interpretación básica relativa ao feito de percibir rendementos que non alcancen o límite do Salario Mínimo Interprofesional, sendo a habitualidade un concepto máis cualitativo que cuantitativo.

O artigo 310 bis da Lei Xeral de Seguridade Social, sobre cotización das persoas perceptoras de pensión de xubilación cando realicen actividades artísticas, na súa nova redacción, di:

“Durante a realización dun traballo por conta propia compatible coa pensión de xubilación, nos termos establecidos no artigo 249 quater, as persoas estarán obrigadas a solicitar a alta e cotizar neste réxime especial unicamente por continxencias profesionais e quedarán suxeitas a unha cotización especial de solidariedade do 9% sobre a súa base de cotización por continxencias comúns, non computable a efectos de prestacións.”

Este novo artigo 310 bis establece a contía que deben abonar aquelas escritoras ou escritores xubilados que compatibilicen a súa pensión cunha actividade artística por conta propia de xeito habitual. De acordo co artigo 310 bis, a contía a abonar será a suma do porcentaxe das continxencias profesionais máis un 9% que establece o propio artigo 310 bis. Esta porcentaxe terá que aplicarse á base de cotización que se determina en función dos ingresos que recibe a escritora ou escritor.

No caso de tratarse dunha persoa que compatibilice a súa actividade artística, neste caso literaria, por conta allea, como traballadora asalariada, a cotización, que será

compartida entre empresaria e traballadora, será a recollida no artigo 153 da Lei Xeral de Seguridade Social e que xa foi citada máis arriba.

A nova normativa recolle ademais unha cotización reducida para artistas autónomas e autónomos con baixos ingresos, así o novo artigo 313 bis da Lei Xeral de Seguridade Social di:

“A base de cotización por continxencias comúns dos artistas de baixos ingresos integrados no RETA determinarase pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado. A estes efectos consideraranse como artistas autónomos de baixos ingresos aqueles cuxos rendementos netos durante cada exercicio, determinados conforme o establecido no artigo 308.1.c), sexan iguais ou inferiores aos establecidos na disposición adicional primeira do RDL 5/2022 de 22 de marzo, polo que se adapta o réxime da relación laboral de carácter especial das persoas adicadas ás actividades artísticas, así como as actividades técnicas e auxiliares necesarias para o seu desenvolvemento, e se melloran as condicións laborais do sector.”

Como exemplo destas últimas remisións normativas, na Disposición Adicional Primeira do Real Decreto-lei 5/2022, de 22 de marzo establécese como baixos ingresos obter uns rendementos anuais de 3.000,00€. A Disposición Transitoria Cuarta do RD Lei 1/2023 fixa para o ano 2023 unha base de cotización mensual de 526,14 euros, que en anos posteriores modificarase tendo en conta a Lei de Orzamentos Xerais do Estado de cada ano.

O artigo 365.5 da Lei Xeral da Seguridade Social relativo aos requisitos para obter a pensión de invalidez non contributiva, polo que afecta aos rendementos obtidos de actividades artísticas, queda redactado do seguinte xeito:

“5. A efectos do establecido nos apartados anteriores, consideraranse como ingresos ou rentas computables, calquera bens e dereitos, derivados tanto do traballo como do capital, así como os de natureza prestacional. Non obstante, non se computarán os rendementos obtidos polo exercicio de actividades artísticas ás que se refire o artigo 249 quater, en tanto non excedan do importe do Salario Mínimo Interprofesional en cómputo anual.”

Preténdese con esta modificación que as persoas beneficiarias da pensión contributiva de invalidez manteñan e compatibilicen o percibo desa pensión cos rendementos da actividade artística que non superen o SMI, excluindo este importe mínimo do cómputo dos bens para o cálculo de dita pensión.

Outras medidas non incluídas na Lei Xeral de Seguridade Social

Na Disposición Adicional 13ª do R. D. Lei 1/2023 anúnciase a creación dun grupo de traballo para estudar a adopción de medidas específicas para a adecuación na estrutura de Seguridade Social dos artistas por conta allea e conta propia e demais traballadores autónomos da cultura, tendo en conta as medidas incluídas no informe da subcomisión para a elaboración do Estatuto do artista tendo en conta a intermitencia que caracteriza a actividade artística e cultural.

Así tamén a creación dunha comisión para impulsar a avaliación e o recoñecemento de determinadas enfermidades profesionais derivadas das actividades específicas no sector cultural. Mediante a Disposición Adicional 14ª do Decreto-Lei 1/2023 créase unha comisión que impulsará a avaliación e o recoñecemento de determinadas enfermidades profesionais derivadas das actividades específicas do sector cultural.

Ao principio deste informe xa indicamos que mediante a Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, modificouse o artigo 33.2 da Lei de Clases Pasivas no sentido de facer compatible os rendementos obtidos no desempeño dunha actividade artística, neste caso a literaria, derivados dos dereitos de propiedade intelectual, coa pensión de xubilación das persoas pertencentes ás chamadas clases pasivas, fundamentalmente funcionarias. Agora, mediante a Disposición Final Primeira, o RD Lei 1/2023 modifica de novo o artigo 33 da Lei de Clases Pasivas, que con efectos desde o 1 de setembro de 2023 (Disposición Final 13ª) estende a mesma compatibilidade das pensións do Réxime Xeral da Seguridade Social entre a actividade artística por conta propia ou allea, e a pensión de xubilación para calquera actividade artística, xa non só cando dá lugar a rendementos por dereitos de propiedade intelectual ás pensións do Réxime Especial da Seguridade Social de Clases Pasivas do Estado.

Así o apartado 3 do artigo 33 queda redactado do seguinte xeito:

“De igual forma inclúese dentro do ámbito da compatibilidade o traballo por conta allea e a actividade por conta propia desempeñada por autoras e autores de obras literarias, artísticas ou científicas, tal como se definen no Capítulo I do Título II do Libro Primeiro do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado por RDL 1/1996 de 12 de abril, percíbanse ou non dereitos de propiedade intelectual por dita actividade, incluídos os xerados pola súa transmisión a terceiros e con independencia de que pola mesma actividade perciban outras remuneracións conexas.”

En definitiva, e a falta da creación dos mecanismos e ferramentas prácticas para a súa posta en marcha, tras as primeiras tentativas consistentes na aprobación dunha nova regulación normativa co obxecto de incluír melloras nas condicións laborais e de realización de actividades económicas no ámbito artístico e cultural e compatibilizar a súa explotación económica cos beneficios e réximes xerais e especiais da Seguridade Social, a partir do 1 de abril de 2023, e en todo caso do 1 de setembro de 2023, o réxime económico de compatibilidade destas actividades coa pensión de xubilación e outras prestacións queda amplamente garantida coa efectiva modificación da norma xeral que rexe na materia, a Lei Xeral de Seguridade Social.

En Vigo, a 24 de marzo de 2023.

Ania González Castiñeira